



**ANUNCIO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA CUBRIR UNHA PRAZA DE INSPECTOR/A DE URBANISMO E MEDIO AMBIENTE, INTEGRADA NO GRUPO "A", SUBGRUPO A2, DA SUBESCALA TÉCNICA, CLASE TÉCNICOS MEDIOS, DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL INCLUÍDA NA OEP DO ANO 2015, POLA QUENDA LIBRE.**

Reunido o Tribunal cualificador o día 22.10.2021, o Tribunal toma en consideración o escrito presentado o 19.10.2021 (Rex. Entrada nº20210470183), pola aspirante D<sup>a</sup> Paula M<sup>a</sup> Casal Vázquez, no que comunica a súa intención de non presentarse á proba de galego, unha vez achegado o Celga 4, xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo.

A base 4<sup>a</sup> das específicas do proceso selectivo establece: "(...)TERCEIRO EXERCICIO ESCRITO, OBRIGATORIO E ELIMINATORIO SOBRE COÑECEMENTO DO IDIOMA GALEGO. Este exercicio será obrigatorio e eliminatorio para aqueles/as aspirantes que non acrediten, xunto coa solicitude de participación, o nivel de Celga 4 ou equivalente. Os/as participantes que si o acrediten non estarán obrigados a efectuar a proba de galego, se ben pasarán ao seguinte exercicio sen obter puntuación por este exercicio".

**CONVOCATORIA PARA O CUARTO EXERCICIO.-** O Tribunal unha vez considerado o escrito presentado e comprobada a presentación do Celga 4 pola aspirante, dispón que polo secretario se publique no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra, sito na rúa Michelena, 30-baixo e, de forma complementaria, se publique na Sede electrónica do Concello de Pontevedra ([sede.pontevedra.gal](http://sede.pontevedra.gal)) a convocatoria para a realización do cuarto exercicio, obrigatorio e eliminatorio: probas psicotécnicas, destinadas a determinar as actitudes e aptitudes persoais dos/as aspirantes e a súa adecuación ás funcións que se van a desempeñar, comprobando que presentan un perfil psicolóxico axeitado. Estas probas terán que efectuarse e valorarse por persoal especialista e cualificaranse como apto ou non apto, e realizaranse o vindeiro **mércores, día 3 de novembro, na Sala Obradoiros do Pazo da Cultura, sito na rúa Alexandre Bóveda, s/n, ás 09:00 horas.**

O Secretario do Tribunal, en Pontevedra na data da sinatura electrónica.

